

ALLEO



G L O  O

colectivo en danza
www.colectivoglovo.com

*Todo comeza alí arriba, onde atisbamos o que acontece e se rexistra o alleo do campo e do mar.
Desde a miña posición apréciase a verdade; a torre é cálida, é laranxa.
Os raios de sol fúnden-se nas fisuras e rompen baixo pedras rotundamente terrenais.
Aquela ardente soidade, queima y destrúe o privilexio do atisbo deixándonos
no abandono ante a eterna inmensidade.*

Alleo se basea na idea da atalaia.

Parte do condicionamento da "privilexiada" posición da torre e de quen desempeñaba o papel na vixilancia.
Habitamos ambos corpos: o poder que outorgaba coñecemento do descoñecido e o que estaba por vir, así como a soidade desa posición e o peso do descubrimento do alleo.

Duración: 15 minutos

Teaser: <https://vimeo.com/664375740>

Espectáculo seleccionado para a **Feria Internacional de Teatro e Danza de Huesca 2022**
Espectáculo seleccionado para o catálogo **Danza a Escena 2023**
Espectáculo recomendado pola **Comisión Asesora do Programa.cat 2023 de Cataluña**
Espectáculo seleccionado para o catálogo do **CIRCUITO DE DANZA DE EUSKADI 2023**
Espectáculo finalista na **36º Certamen Coreográfico de Madrid 2023**
Espectáculo seleccionado para a **Feria Galicia Escena Pro 2023**
Espectáculo seleccionado para o programa **La Cultura Contraataca - Escena 2023**
Espectáculo seleccionado para a **Red Acieloabierto 2023**
Espectáculo seleccionado para o catálogo **RAEE - Red Aragonesa de Espacios Escénicos**
Espectáculo premiado no **Festival DZM 2022**

Creación e interpretación:

Esther Latorre
Hugo Pereira

Música:

Collage

Vídeo:

Dani Rodríguez

Apoio en xestión:

Manu Lago

Vestiario:

Jandro Villa


Co apoio de:

Agadic · Xunta de Galicia
INAEM · Ministerio de Cultura
Gobierno de España
Danza a Escena
Red Acieloabierto
Galicia Danza Contemporánea









Colectivo Glovo nace en 2016 baixo a dirección de Esther Latorre (España) e Hugo Pereira (Portugal) xerando así un espazo de creación onde ambos, intérpretes e coreógrafos, desenvolven conxuntamente a súa faceta máis imaxinativa.

Traballan na creación da escea tanto para teatros como espazos non convencionais, xa que un dos seus principais obxectivos como compañía é aumentar as dimensións de alcance das dinámicas do corpo. Glovo admite a súa paixón pola linguaxe do movemento e persegue a investigación de novas expresións escénicas partindo do propio corpo sen límites establecidos.


Ademáis, e paralela a esta faceta creativa, a cía. busca aportar semente ao tecido artístico presente na comunidade xerando espazos de colaboración con outras agrupacións e artistas procurando o achegamento entre o maior número de creadores, intérpretes e mentes-corpo inquedas, non só en Galicia senón cunha proxección internacional notable.

Desde a súa fundación en 2016, percorreu diferentes países como España, Portugal, Italia, México ou Costa Rica, entre outros.

Formou parte do circuito **Red Acieloabierto 2020, Danza a Escena 2021, Danza a Escena 2023**, do catálogo de recomendación da **Comisión Asesora do Programa.cat 2023** de Cataluña e desde 2018 colabora coa firma de moda Adolfo Domínguez (Premio Nacional de Deseño de Moda 2019). Xunto á marca, destaca a videocreación **Materia Gris (2019)** proxectada en países como Italia, Portugal, Brasil, España, Irlanda, Estados Unidos, México, Chipre e Alemania.

Con sus creacións, recibiu premios como o **Primeiro Premio no Certame Coreográfico Internacional de Burgos & NY 2019, Premio do Público no Certame Coreográfico Internacional Sólodos ENDANZA 2016, Premio GATADANS e Premio LAS NOCHES DEL PATRIMONIO** no Certame DZM de Cáceres en 2022, **OFICIAL PRIZE CORPOMOBILE WORKSHOP, Premio Teatro Selvatico e Premio The Loft Project** no Certame de creación de CORPOMOBILE 2022 en Roma, así como **mencións especiais** no festival Corto In Danza 2019 en Cagliari e **La Espiral Contemporánea 2019** en Santander.

Paralelamente a esta faceta creativa, Glovo co-dirixe o festival **Cartografía en Movemento** de Lugo e dirixe o programa de residencias artísticas e de **investigación Atopémonos Bailando**, tamén en Lugo.

A woman with dark hair pulled back, wearing a long black dress and black boots, is captured in a dance pose. She is standing in front of a large, textured stone wall. Her hands are raised and positioned as if in the middle of a movement. The lighting is dramatic, highlighting her against the darker background of the wall.

ESTHER LATORRE

Galega de nacemento, completa a súa carreira especializándose e graduándose en danza contemporánea no Conservatorio Profesional de danza de Lugo, formando parte da que sería a primeira promoción de profesionais en danza contemporánea de Galicia, diplomándose tamén en Maxisterio de Educación Física na mesma cidade. Foi merecedora do **Premio á excelencia** como intérprete de danza contemporánea.

Desde entón, traballou con compañías como Jove Companyia de Danza Gerard Collins (Valencia), Moudansa (Valencia), Companhia de Dança do Norte (Portugal), compañía Maduixa Teatre (galardoada co **Premio Max a Mellor Espectáculo de Rúa** por "Mulier"; **Premio Moritz** Millor Estrena de Carrer 2016; **Premio Umore Azoka 2017** (País Vasco) e **Premio Artes Escénicas Valencianas del IVC en 2018**) ou nas coproducións co Centro Coreográfico Galego "E_Migrantas" e "Primeiro a vida" baixo a dirección de Kirenia Martínez.

Foi tamén merecedora do **Primeiro Premio** no Certamen coreográfico Delmar (Valencia) coa peza "Aliquam" (coreografía e interpretación propias), ganadora do **premio a Mellor Intérprete en Danza Contemporánea** no 11º Certamen de danza Gerard Collins e foi alumna becada na Anton Bruckner Privat universität für Musik, Tanz und Schauspiel de Linz, Austria. Tamén, foi merecedora da **Beca DanceWEB no Impulstanz** de Viena, Austria no 35º Certame Coreográfico de Madrid.

Desde 2016 é codirectora do Colectivo Glovo xunto a Hugo Pereira e imparte formacións e talleres de danza e movemento a diferentes niveis, tendo sido mestra en países como España, Italia, Portugal, México e Costa Rica. Coa cía. Colectivo Glovo participou en diferentes circuitos nacionais como a Red Acieloabierto. Destaca a súa formación intensiva en zancos, así como diversas colaboracións coa firma de moda Adolfo Domínguez.



HUGO PEREIRA

Natural de Porto, comeza a súa formación no Conservatorio de danza JOBRA, onde se graduará en 2015. Recibe diversas formacións en danza con mestres como Akram Khan Dance Company, Sagi Gross (Gross Dance Company, NEDERLANDS), Shirley Esseboom (NEDERLANDS), Víctor Hugo Pontes (Nome Proprio, PORTUGAL), Inês Negrão (PORTUGAL), Bruno Alexandre (PORTUGAL), Carmela García (Otradanza, ESPAÑA), Julia Weh (ALEMANIA), Romulus Neagu (PORTUGAL), Daniel Abreu (ESPAÑA), Diego Anido (ESPAÑA)... Formou parte da Companhia de Dança do Norte na produción de 2015-2016 "Barulhos Nossos" e participou en diversos festivais nacionais e internacionais de creación.

É tamén titulado en **Especialización en produción e xestión de artes escénicas** polo Instituto de Xestión Cultural e Artística da Universidade Europea Miguel de Cervantes. Actualmente está centrado na codirección de Colectivo Glovo, participando en festivais nacionais e internacionais e tendo sido premiado co **Primeiro premio** no Certame Coreográfico Internacional de Burgos & New York - Bailando con piedras ou o **Premio do Público** no Certame Iberoamericano Sólodos Endanza, entre outros. Coa cía. Colectivo Glovo participou en diferentes circuitos nacionais como a Red Acieloabierto. Foi tamén merecedor da **Beca Barcelona Internacional Dance Exchange (BIDE)** no 35º Certame Coreográfico de Madrid. Actualmente, colabora activamente coa firma de moda Adolfo Domínguez.

Barcelona Internacional Dance Exchange (BIDE) en el 35º Certamen Coreográfico de Madrid. Actualmente, colabo



GLOVO



colectivo en danza

www.colectivoglovo.com

www.colectivoglovo.com

colectivoglovo@gmail.com

